



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
VAL DO TEA



PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES VAL DO TEA

CURSO 2024-2025

ÍNDICE

1. Xustificación

- 1.1. Xustificación Teórica
- 1.2. Xustificación en base ao contexto

2. Plan de Orientación

- 2.1. Detección de necesidades
- 2.2. Obxectivos xerais e específica
- 2.3. Planificación xeral e accións prioritarias
- 2.4. Estratexias de Intervención
- 2.5. Avaliación

3. Concrecións documentos DO

- 3.1. Plan de acción tutorial
- 3.2. Plan xeral de atención á diversidade
- 3.3. Plan de orientación académico profesional

4. Programacións especialistas

- 4.1. Programación especialista en Pedagogía Terapéutica

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

A Orientación Educativa e Profesional constitúe un dos principios do noso Sistema Educativo (SE). Trátase dun proceso global que abarca a toda a comunidade educativa, integrando aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, procesos de ensino-aprendizaxe e toma de decisións. Forma parte dos obxectivos de todos os centros educativos, e conleva a posta en marcha dunha serie de actuacións encamiñadas ao desenvolvemento integral do alumnado, así como a adecuación do proceso educativo para atender ás características e necesidades de todo o alumnado. A Orientación é un proceso continuo, que ten como función principal o asesoramento a toda a comunidade educativa.

Ao longo do século XX, xurdiron múltiples concepcións de Orientación: Orientación Vocacional e Profesional, Orientación Persoal, e Orientación Escolar. Estas tres vertientes unificáronse dando lugar á Orientación Educativa, considerada hoxe en día elemento fundamental da acción docente.

O Plan de Orientación Educativa (POE), pretende servir de guía ao Departamento de Orientación (DO) no desenvolvemento das súas funcións, recollendo as liñas de actuación prioritarias, e a programación do DO. Supón un referente teórico das nosas actuacións, polo que debe ser flexible, aberto e suxeito a modificacións e propostas de mellora. Para levar a cabo as súas funcións, a orientación, debe desenvolver múltiples actuacións para adaptar o proceso educativo ás necesidades existentes, polo tanto o Departamento de Orientación debe intervir en tres niveis:

1. A nivel de aula: mediante a Acción Titorial.
2. A nivel centro: mediante o Departamento de Orientación.
3. A nivel de zona: a través dos Equipos de Orientación Específica (EOE)

1.2. XUSTIFICACIÓN EN BASE AO CONTEXTO

O Instituto de Educación Secundaria Val do Tea atópase na localidade de Ponteareas (concello que forma parte da bisbarra do Condado), na provincia de Pontevedra. Ponteareas é unha vila situada a 52 km de Pontevedra e a 26 km de Vigo contando con boas vías de comunicación posto que hai autovía. No municipio hai un centro de saúde de atención primaria, 15 centros educativos, unha biblioteca pública, auditorio municipal, museo municipal, museo etnográfico do Castelo de Sobroso así como numerosas asociacións sociais e culturais. Conta con escolas de diversos deportes (natación, ciclismo, fútbol, atletismo...), tamén con diversos gabinetes de intervención psicopedagóxica así como academias de apoio ao estudo, servizos sociais que organizan diversas actividades e ofrecen recursos accesibles ás familias que os precisan (clases de apoio...), pavillón, ximnasio... A escasos metros do IES Val do Tea atopamos dous centros de ensinanza secundaria de titularidade pública como son o IES O Barral onde, ademais da ESO e o Bacharelato se imparte un ciclo de formación profesional básica de informática de oficina e o IES Pedra da Auga onde, ademais da ESO e do bacharelato, se imparten os ciclos de formación profesional básica de Servizos administrativos e o de Electricidade e electrónica; os de grao medio de Xestión administrativa, Electromecánica de vehículos e o de Instalacións eléctricas e automáticas e o ciclo de grao superior de Administración e finanzas.

1. **Centro Educativo:**

No IES Val do Tea impártense as seguintes etapas educativas:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato
- Educación Secundaria Adultos

Durante este curso académico 2024-2025, preténdese dar continuidade ao traballo dos cursos anteriores, actualizando e adaptando as respostas dende o ámbito da orientación en xeral ás demandas e necesidades educativas do centro en cada unha das etapas educativas. É necesario destacar como sinal de identidade, a atención á diversidade do alumnado para lograr que este desenvolva ao máximo as súas capacidades e logre as competencias básicas necesarias para acadar o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato.

2. Alumnado:

O IES Val do Tea é un centro de titularidade pública no que se imparten as ensinanzas da ESO, o Bacharelato nas modalidades de artes (vía de imaxe, artes plásticas e deseño), ciencias e tecnoloxía e ciencias sociais e humanidade (sendo centro referente na contorna para cursar o bacharelato de artes), a ESA e tamén é sede da EOI de Vigo. O alumnado que se escolariza en educación secundaria provén, na súa maioría, do propio concello procedente das doce aldeas próximas á vila (Bugarín, Prado, Pías, Fozara, Paredes, Ribadetea, Padróns, Areas, Arnosó, Xinzo, Moreira e Agoares). Tamén acode alumnado de Mondariz e Mondariz – Balneario para cursar estudos de Bacharelato. Ademais, o IES Val do Tea conta con dous centros adscritos dos que provén alumnado que son o CEIP Antonio Rodríguez Blanco (Covelo) e o CEIP Fermín Bouza Brey (Ponteareas). O alumnado provén, na gran maioría, de familias de nivel socioeducativo medio, cuxas expectativas sobre o alumnado é que continúe cos seus estudos (ben na Universidade, ben por medio da Formación Profesional). A nivel socioeconómico, cabe destacar que Ponteareas evolucionou nos últimos anos sobre todo debido ao crecemento das actividades secundarias e terciarias. Tamén cabe destacar que hai moitas familias que viven na vila e que se desprazan a traballar a Vigo, Porriño... A actividade industrial baséase principalmente na explotación de recursos propios (alimentación, recursos forestais e fabricación de produtos metálicos). Tamén cabe destacar as actividades artesanais (feitura de instrumentos musicais, teares... e por último,

tamén ao sector da hostalería e ao comercio. O sector primario tende a ser, cada vez máis, unha actividade complementaria resaltando o cultivo de viñedos e frutais.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), refírese ao alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar. Neste centro atopamos diferentes perfís de alumnado NEAE.

Este alumnado ten asignadas medidas e recursos necesarios para a adecuada atención: medidas relativas a adaptación de tempos, instrumentos e procesos de avaliación; grupos de apoio impartidos polos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica (PT); adecuación de espazos do centro e aula; exención 2º lingua estranxeira en 1º e 2º ESO; alumnado con Adaptación Curricular; grupos de PDC en 3º e 4º ESO, entre outras.

3. Departamento de Orientación:

Xefatura do Dpto Orientación	Marta Arbones Nogueira
Especialista PT	Lorena Fernández Rodríguez
Titora ámbito socio lingüístico	María Carmen Pérez Muradás
Titor ámbito científico tecnolóxico	David Rodríguez Amil
Orientadora CEIP Antonio Rguez	Carla Cerqueira Oliveira
Orientadora CEIP Fermín Bouza Brey	Beatriz Iglesias Rodríguez

2. PLAN DE ORIENTACIÓN

2.1. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Para realizar unha adecuada detección de necesidades, é imprescindible que o Departamento de Orientación forme parte da elaboración e implementación de certos instrumentos, como son:

- Revisión da documentación existente no centro educativo, así como revisión de protocolos de actuación que se implementaran anteriormente.
- Revisión e actualización de expedientes, XADE, Informes Psicopedagóxicos, e lexislación.
- Observación directa e sistemática, entrevistas, cuestionarios, test psicométricos etc.
- Participación nas reunións de comezo de curso: Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), sesións de avaliación, demandas e opinións dos/as titores/as, suxerencias e dúbidas que poidan xurdir no claustro.
- Demandas realizadas polos membros da comunidade educativa.
- Obtención de información a través de reunións informais en tempos como recreos, descansos etc.
- Propostas de mellora sobre a memoria anual do curso pasado.

Necesidades Detectadas

O Plan de Orientación debe partir dunhas necesidades concretas relativas ao alumnado, ás familias, ao centro e ao ámbito sociocultural, para poder contextualizalo á realidade do noso centro escolar.

Cando nos formulamos a elaboración do Plan de Orientación, debemos, en primeiro lugar realizar unha **detección de necesidades** que nos indiquen que **accións prioritarias** son as que imos levar a cabo para atender esas necesidades.

En función da avaliación das necesidades do centro e as directrices establecidas pola CCP, distintas disposicións legais e a memoria final de curso **destacamos as seguintes necesidades:**

➤ Necesidades do Plan de Acción Titorial (PAT):

<u>Axentes</u>	<u>Necesidades</u>
Profesorado	Asesoramento e colaboración nas accións propostas.
	Establecemento e posta en marcha de plans de acollida para o alumnado de novo ingreso.
Alumnado	Promoción de igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero.
	Fomento do apoio emocional, habilidades sociais e convivencia.
	Favorecer a integración no centro educativo de todo o alumnado.
Centro	Formación continua do profesorado en técnicas de resolución de conflitos, convivencia e coordinación entre docentes.
Centro Adscrito	Mellora da continuidade educativa entre etapas.
Contorna	Establecemento de actuacións conxuntas con institucións e servizos alleos ao centro.

➤ Necesidades do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP):

<u>Axentes</u>	<u>Necesidades</u>
Profesorado	Asesoramento ao alumnado na toma de decisións importantes, afondando no coñecemento de actitudes e aptitudes de cada alumno/a.
	Fomento do espírito emprendedor, sentido crítico e iniciativa persoal, entre o alumnado.
Alumnado	Información acerca das posibilidades, tanto académicas como laborais, que existen na zona na que viven actualmente.
	Elaboración de programas de auto coñecemento do alumnado para facilitar a toma de decisións.
Familias	Optimización da información sobre itinerarios e opcións do alumnado, para poder axudar e asesorar aos seus fillos/as na toma de decisións.

➤ Necesidades do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD):

<u>Axentes</u>	<u>Necesidades</u>
Profesorado	Potenciación da posta en práctica de Medidas de Atención á Diversidade.
Alumnado	Optimización das Medidas de Atención á Diversidade axustadas ao perfil do alumnado. Elaboración de avaliacións psicopedagóxicas, establecemento de reforzos educativos e propostas de adaptacións curriculares, entre outras.
Familias	Ofrecer información e formación sobre diversidade, así como facilitar a comunicación entre o centro e a familia.

Centro	Coñecemento e dinamización de protocolos.
Contorna	Mellora da coordinación existente con servizos e institucións externas.
Centro Adscrito	Coordinación entre etapas para previr dificultades de aprendizaxe.

En xeral, as actuacións do Departamento de Orientación irán encamiñadas a paliar as necesidades que vaian xurdindo no centro ao longo do curso escolar e acadar as instrucións establecidas na Circular 10/2010.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

En función das necesidades previamente comentadas, se establecen uns obxectivos a levar a cabo durante o curso escolar:

OBXECTIVOS XERAIS

➤ Do Plan de Acción Tutorial:

Axentes	Obxectivos
Alumnado	Contribuír ao desenvolvemento integral de todo o alumnado, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa, e contribuíndo a unha educación e seguimento individualizados, poñendo especial atención na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, fomento das TIC, prevención da violencia de xénero e convivencia.
Profesord.	Ofrecer recursos ao profesorado relacionados con contidos a desenvolver a través da Acción Tutorial.
Centro Educativo	Promover accións que favorezan a convivencia no centro, contribuíndo ao desenvolvemento de competencias e habilidades afectivas, sociais e persoais, que favorezan a integración do alumnado no grupo clase, no centro, e na sociedade.

Familias	Fomentar e enriquecer a relación do centro coas familias do alumnado. Asesorar a estas para a corresponsabilización centro-familia na educación dos seus fillos/as.
-----------------	---

➤ Do **Plan de Orientación Académico e Profesional:**

Axentes	Obxectivos
Alumnado	Fomentar a toma de decisións respecto ao futuro académico e/o profesional do alumnado, a través de información acerca do Sistema Educativo, axudas e opcións laborais, para que cada persoa decida en función das súas propias aptitudes e intereses.
Profesorado	Promover a Orientación Académica e Profesional entre o alumnado a través de información sobre as esixencias do mundo laboral e a súa relación cos distintos estudos, fomento do espírito emprendedor, información acerca de probas de acceso, avaliacións, etc.
Familias	Proporcionar información sobre as diferentes opcións profesionais e laborais dos seus fillos/as, e así facelos partícipes do proceso.

➤ Do **Plan Xeral de Atención á Diversidade:**

Axentes	Obxectivos
Alumnado	Facilitar a detección temperá do alumnado con necesidades, co obxectivo de axustar a resposta educativa a esas necesidades, incidindo en medidas de carácter preventivo.
Profesorad o	Dar resposta ás necesidades do alumnado a través de Medidas de Atención á Diversidade (MAD), co obxectivo de que cada alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento educativo, persoal e social, así como proporcionar o asesoramento necesario para a súa inclusión nas Programacións Didácticas.

Familias	Fomentar a cooperación entre profesorado e familias, optimizando a confianza e transparencia nas relacións.
Centro Adscrito	Fomentar a cooperación entre centro e centro adscrito, establecendo canles de comunicación para o intercambio de información.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

➤ Do **Centro**:

Obxectivos Específicos do Centro
Establecer canles de comunicación e coordinación claros entre todo o persoal do centro, tanto docente como non docente.
Manter os documentos de centro actualizados e revisados.
Fomentar a boa convivencia no centro, respectando a diversidade e o recollido e aprobado nos diferentes documentos de centro (Plan de Igualdade, NOFc etc), propiciando unha educación en valores para todo o alumnado, centrada no respecto, tolerancia e solidariedade.

➤ Do **Profesorado**:

Obxectivos Específicos do Profesorado
Sistematizar a coordinación docente e intercambio de información entre todo o profesorado.
Traballar de forma coordinada co equipo docente nas tarefas de detección de necesidades específicas de apoio educativo, así como asesorar ao profesorado no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas adecuadas a cada situación.

Facilitar iniciativas do profesorado que favorezan a innovación e investigación na práctica docente.

➤ Do **Alumnado**:

Obxectivos Específicos do Alumnado
Mellorar os hábitos de traballo e o seu proceso de aprendizaxe, a través do uso de metodoloxías innovadoras que ofrezan a motivación necesaria e que favorezan o seu proceso educativo.
Realizar avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado que o requira, para poder establecer as medidas necesarias para o seu axeitado proceso de aprendizaxe. Una vez deseñadas estas medidas, é importante asegurar a súa implantación e correcto funcionamento.
Ofrecer asesoramento académico profesional, para que o alumnado estea correctamente informado e teña os datos suficientes para poder tomar decisións acertadas de cara ao futuro.
Facilitar integración de todo o alumnado, e fomentar a súa participación nas actividades do centro a través da acción tutorial.

➤ Das **familias**:

Obxectivos Específicos das Familias
Orientar ás familiar de forma individual e colectiva para que asuman a responsabilidade da educación e orientación dos seus fillos e fillas.
Implicar ás familiar dunha forma activa nas actividades do centro.

➤ Da **contorna**:

Obxectivos Específicos da contorna
Establecer relacións de intercambio de información e experiencias con profesionais de outros centros educativos.
Establecer contacto próximo con institucións, asociacións, entidades, Concello, EOE etc que poidan colaborar co centro no proceso educativo.

➤ Do **Centro Adscrito**:

Obxectivos Específicos do Centro Adscrito
Organización de xornadas para explicar o funcionamento, características e opcións na ESO.

2.3. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

O Plan de Orientación concrétese a través de tres plans de actuación, que serán os tres grandes contidos do mesmo:

- Plan de Acción Titorial
- Plan de Orientación Académico Profesional
- Plan de apoio ao proceso de Ensino-Aprendizaxe

Dende a nosa programación incidiremos na contribución ás competencias crave, facendo especial fincapé na **competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá e competencia emprendedora**.

Co desenvolvemento emocional queremos que o alumnado sexa capaz de poñer en relación a oferta académica e laboral ou de lecer dispoñible, coas capacidades, desexos e proxectos persoais. Foméntase a capacidade do alumnado de elixir con criterio propio,

propoñéndose obxectivos, adquirindo actitudes persoais como a perseveranza, a autoestima, o control emocional, a empatía e a asertividade para comunicarlles adecuadamente aos demais as propias decisións.

Coas habilidades sociais que permitan saber que os conflitos de valores e de interese forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións apropiadas, forma parte da competencia social e cidadá.

Temporalización das actuacións:

O Plan será desenvolto ao longo de todo o curso escolar, tendo especial consideración nos momentos crave e situacións de risco nas que primarán unhas accións sobre outras. Todas as accións se atopan en relación directa coas necesidades e obxectivos do noso Plan.

AXENTES	1º Trimestre
ALUMNADO	✓ Revisión das ACS existentes, e, se é necesario actualizar e/ou realizar as avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado con NEAE de novo ingreso ou que o requira as súas características.
	✓ Revisión e actualización das MAD, e si fóra necesario, recoller as demandas que poidan xurdir con respecto ao alumnado, profesorado ou familias.
	✓ Organizar os apoios dos especialistas en PT, exencións de francés, profesorado con dispoñibilidade horaria e agrupamento flexibles.
PROFESORADO	✓ Asesoramento e apoio na elaboración das Programacións Didácticas.
	✓ Participación e colaboración na sesión de avaliación inicial e avaliación do 1º Trimestre, para establecer as actuacións necesarias.
	✓ Informar aos equipos docentes do alumnado con necesidades educativas co tipo de alumnado co que contarán durante este curso, así como asesoramento nas medidas que deben levar a cabo con cada un deles/as.
FAMILIAS	✓ Información e asesoramento en colaboración co equipo docente,

	acerca das decisións tomadas en función da avaliación Inicial.
CENTRO	✓ Propostas ao Equipo Directivo e á CCP sobre actuacións de acción tutorial e actividades relacionadas coa convivencia, atención á diversidade, educación en valores.
	✓ Accións de acollida, principalmente co alumnado de novo ingreso.
	✓ Coordinación co centro adscrito para garantir a continuidade entre etapas educativas.

AXENTES	2º Trimestre
ALUMNADO	✓ Posta en marcha das MAD acordadas despois da 1º sesión de avaliación, e avaliar o progreso do alumnado NEAE.
	✓ Desenvolvemento das actividades do Plan de Acción Tutorial previstas
PROFESORADO	✓ Análise trimestral do proceso de E-A, para obter unha avaliación actualizada que permita atender ás dificultades segundo vaian xurdindo.
	✓ Asesoramento e apoio técnico para optimizar o proceso de E-A.
FAMILIAS	✓ Asesoramento aos/as titores/as para transmitir ás familias os resultados e acordos adoptados na sesión de Avaliación do 1º trimestre.

AXENTES	3º Trimestre
ALUMNADO	✓ Dinamización de actividades de orientación académico-profesional, para favorecer o proceso de toma de decisións de maneira responsable.
	✓ Asesoramento ao alumnado de 4º ESO e BAC.
	✓ Apoio en transición entre etapas.
	✓ Asesoramento sobre a toma de decisións de carácter académico e profesional.
	✓ Información sobre o proceso de admisión e matrícula no curso seguinte e PAU.
PROFESORADO	✓ Colaboración na elaboración do Informe Individualizado do

	alumnado NEAE
	✓ Asesoramento para orientación académico profesional ao alumnado
	✓ Colaboración na elaboración do Consello Orientador nos cursos que corresponda.
FAMILIAS	✓ Información e asesoramento ás familias de alumnado de ESO e BAC, con e sen NEAE, que van a entrar no centro o curso seguinte.
	✓ Información e asesoramento acerca das posibilidades académicas e profesionais dos seus fillos/as
CENTRO	✓ Colaboración co Equipo Directivo na anticipación da chegada de alumnado NEAE novo.
	✓ Elaboración da Memoria Anual do Plan de Orientación engadindo propostas de mellora.

Durante todo o curso	
✓	Promoción das Competencias Crave no proceso de E-A.
✓	Difusión dos Protocolos elaborados pola Consellería a toda a Comunidade Educativa.
✓	Seguimento das MAD que se están levando a cabo durante o curso escolar no centro, así como do alumnado NEAE.
✓	Participación nas sesións de avaliación
✓	Dinamización de recursos e actividades para desenvolver durante a sesión de titoría, como Programas de Educación en Valores, Saúde, Habilidades Sociais, uso de TIC, etc.
✓	Reunións do DO para analizar a consecución do Plan de Orientación.
✓	Asesoramento e orientación escolar, persoal e vocacional, tanto a alumnado, como profesorado e familias
✓	Información á comunidade educativa sobre itinerarios académicos, elección de materias, axudas, bolsas, probas de acceso, validacións, e outras demandas
✓	Participación do DO en iniciativas de innovación e investigación, e nas actividades de formación permanente do profesorado

➤ Liñas de actuación prioritarias:

- Apoio ao proceso de **ACCIÓN TITORIAL**, presentando como principal obxectivo o de contribuir ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado, promovendo o máximo grado de adquisición das Competencias Crave. Ademais, se centra na educación en valores e na convivencia escolar en base aos principios de equidad, non discriminación, e igualdade de oportunidades.
- Apoio ao **PROCESO DE E-A**, que pretende optimizar o proceso de E-A do alumnado. Levarase a cabo a través da prevención das Dificultades de Aprendizaxe, promoción de hábitos e técnicas de estudo, técnicas de traballo intelectual, e consolidación dos aprendizaxes instrumentais básicos. É importante fomentar aspectos tan relevantes como a motivación, o uso das TIC, e prevención de absentismo e abandono temprano. Un factor moi importante deste ámbito é a Atención á Diversidade do alumnado, centrándonos especialmente nos alumnos/as con NEAE a través das MAD.
- **ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**, presenta como principais obxectivos o desenvolvemento da madurez vocacional, favorecer o proceso de toma de decisións de maneira autónoma e reflexiva, o coñecemento exhaustivo do Sistema Educativo, e fomento do espírito emprendedor.

➤ Recursos:

Para poñer en práctica o Plan de Orientación son necesarios unha serie de recursos humanos, materiais, organizativos e funcionais que permiten o desenvolvemento dos programas e actividades propostas.

✓ Recursos Humanos:

- x Internos: Equipo Directivo, CCP, Equipos Docentes, Departamentos Didácticos, Órganos de Goberno e Participación, Membros do Departamento de Orientación, alumnado, persoal de administración e servizos.

- x Externos: Equipo de Orientación Específico (EOE), Inspección Educativa, CFR-CAFI, familias e Centro Adscrito.
- x Da contorna:
 - o Institucións Sociais: Servizos Sociais, Servizos de Saúde, Concello, Biblioteca Municipal, etc.
 - o Servizos de Menores, CIM, Orientación Familiar, entre outros.
 - o Institucións Laborais: Servizo Público de Emprego (SPEG), Empresas de Tráballo Temporal (ETTs) etc.
 - o Institucións educativas: outros centros educativos dos arredores, Consellería, Universidade.
 - o Asociacións
 - o ONGs e Colectivos.
- ✓ Recursos Materiais e Tecnolóxicos (internos ao centro):
 - x Orzamento do Departamento de Orientación: orzamento da Consellería de Educación.
 - x Documentos do centro: Proxecto Educativo (PE), Programación Xeral Anual (PXA), Programación Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), Normas de Organización, Funcionamiento e Convivencia (NOFeC), Plan de Acción Titorial (PAT), Programacións Didácticas (PD), Plan de Convivencia, Plan de Igualdade, Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).
 - x Documentos do alumnado: Expediente académico, Información XADE, Informes individualizados, Informes Psicopedagóxicos, Informes Médicos.
 - x Material Psicopedagóxico: Escalas de Observación, Test, Probas Psicométricas, Cuestionarios, Inventarios, etc.
 - x Lexislación: LOMLOE, BOE, DOG, Circulares, Protocolos.

x Recursos 2.0 y 3.0: ordenadores, tablets, pizarra dixital, blogs de orientación como: monicadizorienta.blogspot.com y orientagalicia.blogspot.com; libro dixital, aplicacións de videoconferencias como Cisco Webex o Zoom, aula virtual do centro educativo.

x Materia Bibliográfico impreso e dixital.

✓ Recursos Organizativos e Funcionais (internos al centro): reunións con xefatura de estudos, reunións de CCP, sesións de avaliación, sesións de titoría, horas de atención a pais/nais/titores/as legais e alumnos/as, horarios, distribución de tarefas, organización de actividades, temporalización dos contidos dos programas, microtiempos e microespacios, etc.

COORDINACIÓNS	
DO	⇒ <u>Semanalmente</u> : coordinación con PT e titores/as de ámbito.
CENTRO ADSCRITO	⇒ <u>Trimestralmente</u> : actividades de coordinación entre etapas e intercambio de información.
CCP	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>Mensualmente</u>: seguimento da acción titorial, e asesoramiento aos xefes/as dos Departamentos Didácticos no proceso de E-A e atención á diversidade.
Xefatura Estudos - DO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>Reunións semanais</u>: desenvolvemento de programas e dotación de recursos, tanto persoais como materiais. ▪ Colaboración coa Comisión de Convivencia.
TITORES/AS - EQ. DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>Sesións de avaliación inicial</u> de ESO. ▪ <u>Sesións de avaliación</u>. ▪ <u>Reunións entre profesorado de apoio</u> e docentes.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Se establece horario flexible de atención ás familias.
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O alumnado poderá acudir ao DO cando o requira. Esta

	atención de desenvolverá, principalmente, durante os tempos de recreo para non interrompir as actividades lectivas.
COMUNIDADE EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calquera membro da comunidade educativa pode acudir ao DO en busca de asesoramento e información.

2.4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A Xefatura do Departamento de Orientación asume un Modelo de Intervención por Programas, baseado na identificación de necesidades do centro e o seu contexto, dirixido ao logro duns obxectivos para cubrir as necesidades detectadas, con intención de adiantarse aos acontecementos, e prestar atención dende un Enfoque Preventivo.

Ante situacións ou demandas xa xurdidas, en vez de actuar de maneira preventiva, se utilizará un Modelo de Intervención Intencional (Modelo de Counseling). Este modelo se aplicará en avaliacións psicopedagóxicas e/ou nas demandas do profesorado con respecto a necesidades grupais, individuais, NEAE, ou outro tipo de situacións que o requieran.

Unha das funcións mais importantes da acción orientadora, é o Asesoramento a toda a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado, familias, equipo directivo, órganos de goberno, personal non docente, etc).

A Orientación Educativa, debe estar presente no currículo e nas concrecións curriculares (no Proxecto Educativo, nas Programacións Didácticas da Programación Xeral de Aula, e nas Programacións Docentes). A hora de tutoría, tanto de alumnado como de familias, é unha das mellores estratexias para a posta en marcha do Plan, xa que ofrece a opción de desenvolver actuacións mais específicas e directas. A Acción Tutorial é función de todo o equipo docente, e no solo do titor/a.

O Plan de Orientación Educativa, lévase a cabo dende un Enfoque Interdisciplinar e Participativo, desenvolvido a través das materias, hora de tutoría, horas complementarias, e

participación de todo o profesorado. A orientación e titoría son responsabilidade de todo o corpo docente.

2.5. AVALIACIÓN

Todo proceso de avaliación responde a catro preguntas:

A. ¿PARA QUÉ AVALIAR?

Para poder valorar a consecución dos obxectivos propostos, e para mellorar o proceso de Orientación.

B. ¿QUÉ AVALIAR?

Establecer os **Criterios de Avaliación**, definidos en función dos obxectivos para poder avaliar a consecución do Plan de Orientación. Os criterios propostos son os seguintes:

- Relación entre os obxectivos propostos e os obxectivos alcanzados.
- Grado de satisfacción dos usuarios.
- Adecuación ás necesidades e situacións reais.
- Grado de aplicación e funcionalidade. Participación de todos/as.
- Optimización de recursos e uso de espazos.
- Adecuación das actuacións propostas e realizadas.
- Coordinación interprofesional e co centro adscrito.
- Dificultades e solucións propostas.

Co obxectivo de avaliar e optimizar nosa labor como Orientadores/as, se establecen uns

Indicadores de Logro:

- Existe coherencia cos principios e valores do Proxecto Educativo.
- Ten en conta as necesidades do centro, as directrices da CCP, propostas dos titores/as, e do Equipo Docente.
- Se axusta á normativa vixente en canto a estrutura, contidos e novidades.
- Inclúe sensibilización da comunidade educativa, a través de atención á diversidade, inclusión e convivencia.

- Fomenta o traballo en equipo e a implicación docente, así como a participación da familia nas actividades do centro.
- Están previstos tempos para que o DO leve a cabo as súas actuacións.
- Lévese a cabo unha avaliación continua e formativa, incluíndo modificacións ao longo da súa aplicación.

C. **¿COMO AVALIAR?**

- Observacións realizadas dende o DO por parte dos seus membros.
- Suxerencias e información do profesorado, alumnado e familias.
- Valoracións externas ao centro como as do Servizo de Inspección Educativa ou Equipo de Orientación Específico.
- Análise de información a través de técnicas de recollida de información: entrevistas, cuestionarios, escalas, intercambios orais de información, revisión de documentos, probas psicométricas, dinámicas de grupos, reunións, etc.
- Uso de instrumentos de recollida de información como Diario de Orientación, ou axenda do Departamento de Orientación.

D. **¿CANDO AVALIAR?**

- Avaliación inicial: establece o punto de partida da intervención, e permite coñecer a realidade do centro e da comunidade educativa. Permite detectar as necesidades existentes e establecer os obxectivos a conseguir.
- Avaliación continua: aporta información durante o desenvolvemento do Plan a través dun seguimento. Permite regular, orientar e redirixir todo o proceso para adaptarnos á realidade e aos posibles contratempos que vaian xurdindo.
- Avaliación final: permite comprobar a consecución dos obxectivos previamente establecidos e recoller evidencias da actuación orientadora. Esta avaliación refléxase na Memoria Anual do Plan.

3. CONCRECIÓNS DOCUMENTOS DO

3.1. Concreción Plan de Acción Titorial

O PAT é o documento que regula as actividades de orientación e tutoría levadas a cabo polo profesorado en xeral e os/as tutores/as en particular. Elaborado polo Departamento de Orientación en colaboración cos tutores e titoras, e coordinados pola Xefatura de Estudos. En función das necesidades detectadas previamente, se elabora a seguinte proposta.

- **Os obxectivos xerais do PAT son os seguintes:**

- Garantir a coordinación do equipo docente dun mesmo grupo de alumnos/as.
- Ofrecer asesoramento e orientación ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Favorecer a integración do alumnado no grupo e no centro educativo.
- Axudar a resolver as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado, ante o resto do profesorado e o equipo educativo.
- Facilitar a información aos pais, nais ou tutores/as legais, ao profesorado e ao alumnado de todo aquilo que lles competa en relación coas actividades docentes, complementarias e co rendemento académico.
- Potenciar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais, nais ou tutores/as legais do alumnado.
- Obter a información individual do alumnado precisa para o adecuado desenvolvemento da acción titorial.

- **Cronograma curso 2024-2025:**

PROGRAMACIÓN 1º ESO

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> - Acollida do alumnado - A titoría: acollida e presentación - Normas do centro e da aula - Elección de delegado/a - Avaliación inicial - Actividades de fomento de Técnicas e hábitos de estudo - Formación Mediadores: Resolución de conflitos - “Día da non violencia contra as mulleres” (25 de novembro) 4. - Sesións preavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades comprendidas dentro do Plan Director - Actividades para fomento de Educación para a saúde - Actividades de Educación Emocional - “Día internacional da muller” (8 de marzo) - Xornada de convivencia: Entroido. 	<ul style="list-style-type: none"> - Orientación académica: información materias 2º ESO, medidas de atención á diversidade, Ciclo Básico... - Educación afectivo-sexual. - “Día do Libro” (23 de abril) - Xornada de convivencia: Fin de curso.

PROGRAMACIÓN 2º ESO

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> - Acollida - A titoría: acollida e presentación - Normas do centro e da aula - Elección de delegado/a - Avaliación inicial - Actividades de fomento de Técnicas e hábitos de estudo - “Día da non violencia contra as mulleres” (25 de novembro) 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de fomento de Habilidades sociais - Actividades de fomento de Educación Emocional. - “Día internacional da muller” (8 de marzo) - Actividades comprendidas dentro do Plan Director - Xornada de convivencia: Entroido 	<ul style="list-style-type: none"> - Orientación académica: información materias 3º ESO, medidas de atención á diversidade, Formación Profesional ciclo básico, Programa de Diversificación Curricular... - “Día do libro” (23 de abril) - Xornada de convivencia: Fin de curso

PROGRAMACIÓN 3º ESO

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<p>5.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acollida - A titoría: acollida e presentación - Normas do centro e da aula - Elección de delegado/a - Avaliación inicial - Actividades de fomento de Técnicas e hábitos de estudo - “Día da non violencia contra as mulleres” (25 de novembro) - Programa Ktorce18 (Asociación Arela e Fundación Barrié). 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de fomento de Habilidades sociais. - Actividades de fomento de Educación Emocional - Optatividade en 4º de ESO - “Día internacional da muller” (8 de marzo) - Xornada de convivencia: Entroido 	<ul style="list-style-type: none"> - Orientación académica acerca dos itinerarios de 4º de ESO. - Fomento de actividades de Educación para a saúde - “Día do Libro” (23 de abril) - Xornada de convivencia: Fin de curso.

PROGRAMACIÓN 4º ESO

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> - Acollida - A titoría: acollida e presentación - Normas do centro e da aula - Elección de delegado/a - Avaliación inicial - Actividades de fomento de Técnicas e hábitos de estudo - “Día da non violencia contra as mulleres” (25 de novembro) - Visita EDUGAL 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de fomento do autoconhecimento - Actividades de fomento de Educación Emocional - “Día internacional da muller” (8 de marzo) - Xornada de convivencia: Entroido 	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de coñecemento do mundo laboral - Orientación académica acerca das opcións educativas ao finalizar a etapa da ESO. (Bacharelato, Ciclos Formativos, etc.). - “Día do Libro” (23 de abril) - Xornada de convivencia: Fin de curso.

As actividades propostas deberán concretarse e contextualizalas nos diferentes grupos-clase. As actividades propostas poderán ampliarse ou reducirse en función das demandas que vaian xurdindo ao longo do curso.

- **Metodoloxía:**

En canto á metodoloxía, será variada, empregando múltiples instrumentos e técnicas adaptadas ás necesidades do alumnado.

No desenvolvemento do PAT para o alumnado, podemos contar coa hora de tutoría presencial, actividades extraescolares (en colaboración co Departamento de actividades extraescolares) e actuacións puntuais do orientador/a, etc.

- **Seguimento e avaliación:**

A avaliación do PAT levarase a cabo en dous **momentos** diferenciados:

- Unha avaliación continua, formativa e orientadora durante a posta en marcha das actividades, o que permitirá a modificación daquelas actividades que resulten, nalgunha medida, inadecuadas.
- Unha avaliación final, ao rematar o curso. As conclusións obtidas desta avaliación serán tidas en conta para introducir posibles modificacións e axustes no PAT para os cursos seguintes.

En canto aos **procedementos** para realizar a avaliación, teranse en conta os seguintes:

- As conclusións extraídas das reunións de coordinación do profesorado titor, xefes/as de departamento e equipo directivo.
- Enquisas de avaliación dirixidas a tutores/as e alumnado.
- Opinión do equipo docente de cada un dos cursos.
- Información obtida na CCP.
- Información da Xefatura de Estudos no que se terá en conta a avaliación das actividades aplicadas polos tutores/as ao longo do curso.

- Información obtida polos/as titores/as a través das opinións do seu grupo e das familias.

3.2. Concreción Programación Xeral de Atención á Diversidade

Este plan pretende concretar a resposta educativa para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado no noso centro educativo neste curso 2024/2025 afondando naqueles elementos de carácter pedagóxico, organizativo e relacional que proporcionan a mellora do éxito escolar.

A orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, entende a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

- **Obxectivos:**

Obxectivo xeral	Articular as medidas educativas para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
Obxectivos Específicos	Deseñar e por en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e alumno.
	Deseñar, planificar e desenvolver medidas de tipo organizativo e curricular que permitan responder ás características e necesidades do alumnado.
	Determinar e organizar os recursos persoais e materiais cos que conta o centro para dar resposta ás necesidades educativas do noso alumnado.
	Garantir unha rápida e eficaz adaptación do alumnado procedente do estranxeiro.

	Compensar os posibles desfases curriculares do alumnado estranxeiro e do que se atopa nunha situación de desvantaxe social e cultural.
	Adaptar o currículo ao nivel e características do alumnado con sobredotación intelectual.
	Mellorar os niveis de integración do alumnado con alteracións do comportamento.
	Asegurar o acceso ao currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais e con dificultades específicas de aprendizaxe, de acordo cos principios de normalización e inclusión.
	Regular os cauces de colaboración entre o centro educativo e institucións e organismos externos co fin de optimizar a resposta á diversidade do alumnado.
	Promover a implicación das familias no proceso educativo

No centro IES Val do Tea en relación á atención á diversidade en base á revisión dos expedientes que se atopan neste departamento de orientación, ás conclusións chegadas nas diversas avaliacións iniciais, á memoria e ás actas do curso pasado e tras os informes da etapa anterior e/ou doutros cursos así como a primeira reunión coas orientadoras dos centros adscritos, chéganse a varias conclusións.

Por unha banda, en relación ao alumnado, trátase dun centro moi diverso en canto a necesidades específicas de apoio educativo. Tendo en conta o artigo 73 da LOE desenvolto no seu único artigo da LOMLOE podemos atopar alumnado con TDAH, dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos de conduta, trastornos do desenvolvemento (TEA...), discapacidade intelectual, altas capacidades intelectuais, alumnado procedente do estranxeiro, dificultades derivadas da historia persoal e/ou escolar, vulnerabilidade socioeducativa e alumnado con descoñecemento grave das linguas vehiculares.

Ademais, tamén hai alumnado con trastornos de conduta alimentaria e alumnado cuxo benestar emocional está marcado por trastornos de ansiedade, depresión... o que implica a apertura dun número considerable de protocolos de prevención de risco suicida.

En relación ao profesorado, demanda formación en materia de atención á diversidade e asesoramento continuo en temáticas relacionadas coa convivencia, a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e con problemas de conduta, a elaboración e aplicación de medidas de atención á diversidade, ao desenvolvemento da acción titorial e na posta en marcha de protocolos educativos elaborados pola administración educativa.

En relación aos documentos de centro, a principal necesidade deste departamento é a actualización do Plan de Acción Titorial.

Por último, pero non menos importante, en relación ás familias considérase que se debe mellorar a implicación das mesmas no proceso de ensino – aprendizaxe así como na colaboración co Departamento de Orientación sendo necesario que haxa unha colaboración constante e non só cando se demanda por parte do departamento, como ocorre na maioría das ocasións.

Das medidas ordinarias establecidas na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade, o centro conta coas seguintes (sen prexuízo de incluír ó resto das medidas ordinarias establecidas no decreto en función das dinámicas e necesidades de centro que xurdan):

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar.
- Plan específico personalizado para o alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.
- Coeducación na materia de matemáticas en 1º e 2º da ESO.

Das medidas extraordinarias establecidas na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula á atención á diversidade, o centro conta coas seguintes (sen prexuízo de incluír o resto das medidas extraordinarias establecidas no decreto en función das dinámicas e necesidades de centro que xurdan, previa autorización da Inspección Educativa):

- Adaptacións Curriculares Significativas.
- Agrupamentos flexibles en lingua castelá en 1º da ESO e lingua galega en 2º ESO.
- Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.
- Programa de diversificación curricular (3º e 4º curso da ESO).
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

Ao abeiro do establecido pola administración educativa e en base ao alumnado neae do centro estanse a ter como referentes os seguintes protocolos educativos:

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infante – xuvenil.
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

- **Cronograma curso 2024-2025**

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
Setembro	Asistencia ás sesión de avaliación de setembro	XD orientación e profesorado especialista: PT	Recursos do departamento
	Valoración das necesidades iniciais	XD orientación e Xefatura de estudos	Informes obtidos nas reunións
	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
	Solicitude bolsas para alumnado NEAE	XD Orientación	Informes e documentación do alumnado
	Preparacións das avaliacións iniciais da ESO	Xefatura de estudos (planifica e coordina)	Recursos do departamento
	Avaliacións iniciais	Xefatura de estudos Titores/as (dirixen as reunións) XD orientación (asesora e apoia) Equipo docente	Recursos do departamento
Outubro	Realización da concreción anual do POE	XD Orientación	Datos do alumnado
	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores/as	Datos do alumnado
	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Xefes/as departamentos (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
	Asesoramento ao profesorado sobre MAD	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
	Elaboración e seguimento dos programas de intervención da especialista en PT	XD orientación e PT	Recursos do departamento e informes do alumnado
	Elaboración de	XD Orientación	Recursos do

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
	programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación		departamento
Novembro	Asesoramento, colaboración e elaboración das ACS	XD Orientación e profesorado afectado	Recursos do departamento
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos na avaliación inicial
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª inicial
	Asesoramento vocacional e profesional a alumnado de 4º ESO e BAC	XD Orientación e titores/as	Recursos do departamento
Marzo	Participación nas sesións da 2ª	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril	Asesoría vocacional do alumnado de 4º ESO	XD Orientación e titores/as	Recursos do departamento
Maio	Visita do alumnado dos centros adscritos	XD Orientación Titores/as 6º EP Xefatura de estudos	Informes do alumnado
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos nas avaliacións previas
	Elaboración de Memoria final do Departamento e Informes Finais	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Recursos do departamento

- **Actuacións específicas por cursos:**

- Actuacións específicas para o 1º curso da ESO:

- Organización dos grupos na 1ª avaliación.
- Propostas do alumnado con exención de 2ª lingua estranxeira e agrupamentos na 1ª avaliación.

- Actuacións específicas para o 2º curso da ESO:
 - Propostas do alumnado con exención de 2ª lingua estranxeira e agrupamentos na 1ª avaliación.
 - Propostas, na 3ª avaliación, para a formación profesional básica (FPB) e para o programa de diversificación curricular (PDC) en caso de habelas.
 - Procedemento de derivación a FPB e PDC.
 - Elaboración do consello orientador.
- Actuacións específicas para o 3º curso da ESO:
 - Propostas, na 3ª avaliación, para a formación profesional básica (FPB) e para o programa de diversificación curricular (PDC) en caso de habelas.
 - Procedemento de derivación a FPB e PDC na 3ª avaliación.
 - Elaboración do consello orientador.
- Actuacións específicas para 2º de bacharelato:
 - Informes de solicitudes de adaptacións para a PAU para o alumnado con neae nas 1ª e 2ª avaliacións.
- Actuacións específicas para a ESA:
 - Reunións e asesoramento ao profesorado sobre o alumnado neae e as medidas de atención á diversidade.

O calendario de reunións establecido para o seguimento do alumnado con reforzo educativo é o seguinte:

- a) Alumnado con apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: seguimento mensual co departamento de orientación durante as reunións do mesmo. Estas celebraranse, con carácter xeral, os xoves de 09:35 a 10:25 horas. A mestra de PT coordinarase semanalmente co profesorado das materias obxecto do reforzo e coa orientadora.
- b) Alumnado con apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria: seguimento mensual co departamento de orientación durante as reunións do mesmo.
- c) Alumnado con medidas de atención á diversidade aplicadas dentro da aula ordinaria por parte do profesorado da materia: farase un seguimento trimestral coincidente coas sesións de avaliación sen que isto implique que non poida haber reunións previas porque se considere necesario.

3.3. Concreción Plan de Orientación Académico Profesional

- **Objetivos:**

Alumnado	Favorecer o coñecemento de si mesmos (aptitudes, intereses, preferencias. ..).
	Coñecer as súas posibilidades a nivel persoal, académico, familiar, do seu propio entorno.
	Aprender a tomar decisións de forma responsable e autónoma.
	Adquirir técnicas de busca activa de información, a través de distintas fontes de información.
	Desenvolver habilidades sociais para o traballo
	Desenvolver os procesos de inserción socio-profesional.
	Coñecer a oferta formativa
	Coñecer o mundo laboral, posibilidades no seu ámbitos mais próximo.
	Capacitar para a auto orientación.
	Contribuir á igualdade de oportunidades, erradicando a discriminación no acceso a oferta formativa e laboral por cuestións de xénero.
Familias	Implicar ás familias na toma de decisións dos seus fillos/as.
	Informar ás familias sobre as posibilidades formativas que teñen os seus fillos/as (saídas, oferta formativa, oferta educativa..) e de recursos dispoñibles (SEPE, programas de inserción laboral...)
Profesorado	Implicar ao profesorado nas tarefas relacionadas coa orientación vocacional e profesional de forma transversal a través das diferentes materias impartidas.
Outras institucións	Colaborar co especialista en Orientación Vocacional do EOE
	Colaborar co Concello, institucións de ámbito laboral, formación e información acerca da oferta de centros de FP da contorna, así como de centros onde se imparta Bacharelato.

- **Contidos:**

- **Conceptuais:** coñecemento de sí mesmo/a, coñecemento do sistema educativo, coñecemento do mundo laboral e toma de decisións.
- **Procedimentais:** estratexias de busca de emprego, estratexias de busca activa de información e habilidades na toma de decisión.
- **Actitudinais:** actitude reflexiva, planificadora e auto responsabilidade na toma de decisións.

Bloques Temáticos:

1.- Autoconhecimento e autoavaliación:

Autoconhecimento e autoavaliación de capacidades, intereses e motivacións. É necesario analizar factores persoais como as aptitudes, actitudes, personalidade, valores, hábitos de estudo, rendimento (historial académico)...

Reflexión para confrontar as posibilidades reais coas aspiracións persoais. Axudar ao alumnado a desenvolver a súa biografía persoal (formas de adaptación e creatividade).

2.- O mundo educativo:

Coñecemento do sistema educativo e da súa posición persoal dentro do mesmo, para coñecer as diferentes opcións que se lles abren nos distintos itinerarios. Realización dos distintos itinerarios educativos: Bacharelato e Ciclos Formativos (requisitos de acceso e posibilidades que abren, tanto académicas como profesionais).

Coñecemento das distintas ofertas educativas e profesionais do seu contorno e fóra del. Información exhaustiva sobre as mesmas.

3.- Coñecemento do mundo laboral:

Coñecemento do actual sistema produtivo e laboral e dos perfís profesionais máis demandados.

A inserción laboral: familiarización coas habilidades e técnicas de busca de emprego de cara a coñecer e moverse do xeito máis autónomo posible na realidade socio-laboral (instancias, currículum vitae, cartas de presentación, tipos de contrato de traballo, procesos e entrevistas de selección de persoal, portais de emprego na internet, servizos públicos de emprego e axencias de colocación...). Estas actividades levaranse a cabo fundamentalmente con alumnos e alumnas de terceiro e cuarto de ESO.

CRONOGRAMA CURSO 2024-2025

ACTIVIDADES XERAIS	CONTIDO	TEMPORALIZACIÓN
Actividades de resolución de problemas que impliquen toma de decisións	Aprendizaxe na TD	2º/3º trim.
Cuestionarios e inventarios sobre intereses profesionais	Autocoñecemento	3º trim
Estudo da traxectoria escolar	Autocoñecemento	2º/3º trim
Xogos grupais que favorezan o autocoñecemento	Autocoñecemento	2º/3º trim
Consulta de guías, folletos e publicacións especializadas	Coñecemento da oferta formativa	Todo o curso
Elaboración de organigramas do Sistema Educativo	Toma de decisións	3º trim
Uso de distintas fontes de documentación bibliográfica	Toma de decisións	3º trim
Visita ao campus de Vigo, Santiago e Ourense.	Orientación académica	3º trim

Elaboración de informes sobre optativas, modalidades e a súa vinculación con estudos superiores	Orientación académica	3º trim
Información sobre a proba de acceso a ciclos de grao medio e a Universidade	Orientación académica	3º trim
Información sobre bolsas, residencias etc	Orientación académica	2º/3º trim
Entrevistas individualizadas coa orientadora	Orientación académica	Todo o curso

◆ **Actuacións co alumnado:**

- Actuacións específicas para o 1º curso da ESO:
 - Actividades de autocoñecemento.
 - Toma de decisións.
 - Coñecemento do sistema educativo.
- Actuacións específicas para o 2º curso da ESO:
 - Asesoramento sobre formación profesional básica na 3ª avaliación.
 - Información sobre os programas de diversificación curricular.
 - Información sobre as materias optativas de 3º da ESO.
 - Información para o alumnado que non teña expectativas de acadar o título da ESO (proba de acceso a ciclos de grao medio...)
- Actuacións específicas para o 3º curso da ESO:
 - Asesoramento sobre formación profesional básica na 3ª avaliación.
 - Información e asesoramento sobre materias optativas e itinerarios a escoller en 4º ESO.
- Actuacións específicas para o 4º curso da ESO:
 - Asesoramento sobre formación profesional básica na 3ª avaliación.
 - Información sobre probas de acceso a ciclos formativos de grao medio na 2ª avaliación.
 - Opcións académicas con título e sen título da ESO.
 - Criterios de titulación.
 - Elección de modalidade de bacharelato.

- Actuacións específicas para o 1º curso de bacharelato:
 - Elección das materias de 2º bacharelato.
 - Cambio de modalidade.
 - Convalidacións coas ensinanzas profesionais de música e danza.
- Actuacións específicas para o 2º curso de bacharelato:
 - Información sobre probas de acceso a ciclos formativos de grao superior na 2ª avaliación.
 - Visitas a campus universitarios e/ou centros de formación profesional.
 - Charla sobre a PAU na 2ª avaliación.
 - Convalidacións coas ensinanzas profesionais de música e danza.

◆ **Actuacións coas familias:**

En relación ás familias, a orientadora informará sobre as opcións académicas e laborais para o alumnado así como as axudas económicas para realizar os seus estudos posteriores. Ademais, tamén se levarán a cabo entrevistas individuais con aquelas familias que precisen información máis concreta.

4. PROGRAMACIÓN ESPECIALISTAS

4.1. Programación profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica

PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA



INDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
1. ANALISÉ DO CONTEXTO.....	4
1.1. Características do contorno.....	4
1.2. Profesorado e oferta educativa.....	5
1.3. Características do alumnado.....	5
1.4. Xestión do centro educativo.....	6
1.5. Necesidades.....	7
2. ACTIVIDADE PROPIA DOCENTE.....	8
2.1. Fundamentación lexislativa.....	8
2.2. Organización da miña práctica docente. Actuacións para a atención á diversidade.....	9
2.3. Horario.....	12
2.4. Obxectivos.....	12
2.5. Actividades.....	13
2.6. Metodoloxía.....	14
2.7. Criterios de avaliación e temporalización.....	15
2.8. Recursos.....	16
3. PROPOSTAS DE MELLORA.....	17
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	17

INTRODUCCIÓN

Nesta idea enmarcarase a programación de aula de pedagogía terapéutica (PA), a través do cal, pretendemos dar unha resposta axeitada ao alumnado que presentan necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) adscritos á nosa práctica docente, abordando a atención á diversidade dende a perspectiva da inclusión educativa, a non discriminación e coa firme misión de actuar como elemento compensador das desigualdades, propiciando unha educación máis personalizada, buscando garantir a equidade e a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, tal e como subliña a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

Este alumnado será o receptor dunha atención especializada, baseada nos principios de normalización e inclusión, sendo asegurada a súa non discriminación e a igualdade no acceso e permanencia no sistema educativo.

A presente PA enténdese como un documento de traballo no que se recollen as liñas básicas de actuación a levar a cabo como mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) actuacións reguladas : Orde 8 de setembro de 2021, Decreto 229/2011 de atención á diversidade, Decreto 374/96 polo que se establece o regulamento orgánico dos CEIP e a Orde do 22 de xullo do 97 que o desenvolve e no Decreto 120/98 e na Orde 24 de xullo do 1998 polo que se regula a Orientación na CAG.

Como mestra de Pedagogía Terapéutica intégrome como membro do claustro do IES Val do Tea e as miñas funcións e tarefas definidas na lexislación vixente, estarán recollidas no Proxecto Educativo (PE) e as características e necesidades dos seus alumnos/as. A redacción final deste documento, polo tanto, correspóndelle ao especialista en PT, coma un dos responsables directos, pero sempre coa colaboración dos demais membros do Departamento de Orientación (DO) e do resto de profesores implicados no proceso de ensino/aprendizaxe (E-A) do alumnado aos que vai dirixido.

Coa finalidade de levar a cabo unha axeitada atención á diversidade, todas as nosas actuacións como mestres especialistas en PT, deben estar recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) definido na Orden do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade na nosa CAG, como un documento no que se artella a atención á diversidade, concretándose todas as actuacións e medidas que un centro diseña e desenvolve para axear a resposta educativa ás

necesidades da totalidade do seu alumnado. A súa concreción anual estará incluída na Programación Xeral Anual (PXA) de cada un dos centros.

1. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO

Actualmente, as correntes pedagóxicas contemporáneas (Bolívar, 1999) consideran ao centro escolar como a pedra angular das transformacións positivas que debe sufrir a educación para superar as deficiencias coñecidas e, ao docente, como o guía dos procesos innovadores que leven á institución escolar a converterse en unidade básica de cambio.

1.1 Características do contorno

Esta programación está pensada para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que poida presentar o alumnado pero tamén para toda a comunidade educativa posto que o centro é o medio onde se desenvolve o alumnado e todas as persoas que o conforman inflúen no seu desenvolvemento integral e fan posible que a escola sexa un lugar para todos e todas. É por iso que, a continuación, se fai unha análise do contexto:

O centro IES Val do Tea é un centro público que se atopa no núcleo urbano de Pontearreas. O horario lectivo impártese en réxime de xornada continua de 08:45 a 14:25 horas de luns a venres e os luns tamén de 16:20 a 18:00 horas. O centro baséase nun modelo de escola aberta e pluralista que pretende acadar a igualdade e a liberdade no respecto ás diferenzas. A lingua vehicular é o galego tendo en conta o establecido no Decreto 79/2010 polo que se regula o plurilingüismo na ensinanza non universitaria. Neste centro impártese as ensinanzas da ESO, de bacharelato (incluído o bacharelato de artes), a ESA e é sede da EOI de Vigo.

En materia de atención á diversidade, trátase dun centro con alumnado que presenta diversas necesidades específicas de apoio educativo tales como altas capacidades intelectuais, TDAH, TEA, discapacidade intelectual, dislexia e/ou outras dificultades de aprendizaxe, trastornos da conduta alimentaria, alumnado con protocolo de prevención de risco suicida, alumnado estranxeiro con descoñecemento grave das linguas de aprendizaxe, vulnerabilidade socioeducativa, retraso madurativo...

É por isto polo que se fai necesaria a intervención da mestra especialista en pedagogía terapéutica; para poder dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo de maneira que se garanta unha







educación de calidade para todo o alumnado e que, ademais, se contribúa ao desenvolvemento integral do alumnado e á mellora da convivencia do centro.











1.2 Profesorado e oferta educativa

O claustro de profesores/as do IES Politécnico de Vigo está integrado pola totalidade do profesorado que presta servizo no centro e é presidido polo Director. Na actualidade, está composto por un total de **52 membros** no que se inclúen profesores de secundaria, bacharelato, ESA e EOI.

O Instituto Val do Tea acolle na actualidade os seguintes grupos de alumnos/as e modalidades de ensino:

ESO E BACHARELATO

-  3 grupos de 1º de ESO
-  3 grupos de 2º de ESO
-  2 grupos de 3º de ESO
-  1 grupo de 3º de PDC
-  2 grupos de 4º de ESO
-  1 grupo de 4º PDC

-  1 grupo de 1º de Bacharelato Científico-Tecnolóxico
-  1 grupos de 2º de Bacharelato Científico-Tecnolóxico
-  1 grupos de 1º de Bacharelato Ciencias-Sociais
-  1 grupos de 2º de Bacharelato Ciencias Sociais
-  1 grupo de 1º de Bacharelato Humanístico
-  1 grupo de 2º de Bacharelato Humanístico
-  1 grupo de 1º de Bacharelato Artes Plásticas, deseño e imaxe
-  1 grupo de 2º de Bacharelato Artes Plásticas, deseño e imaxe
-  1 grupos de Educación Secundaria de Adultos (ESA) en cada cuadrimestre.
-  EOI

1.3 Características do alumnado

A procedencia do alumnado depende da etapa educativa. O alumnado de menor idade do Ensino Secundario Obrigatorio procede do centro de primaria adscrito (CEIP Fermín Bouza Brey) e tamén

dun pobo pequeno da contorna (CEIP Antonio Blanco Rodríguez). Os/as alumnos/as de Bacharelato proceden tanto da vila de Pontearreas como do minucipio de Mondariz. A totalidade do alumnado sería de **479** distribuídos por tódalas etapas educativas.

1.4 Xestión do centro educativo

No seguinte cadro recóllese a organización do centro educativo VAL DO TEA:

Estrutura organizativa
Órganos de goberno unipersonais: <ul style="list-style-type: none">⦿ Equipo directivo: - director<ul style="list-style-type: none">- vicedirectora- xefe de estudos- xefe de estudos de adultos- secretaria
Órganos colexiados: <ul style="list-style-type: none">⦿ Claustro de profesores⦿ Consello escolar
Órganos de coordinación docente: <ul style="list-style-type: none">⦿ CCP⦿ Departamento de Orientación⦿ Equipo de dinamización da lingua galega⦿ Equipo de actividades complementarias e extraescolares⦿ Equipo de biblioteca⦿ Equipo de dinamización das TIC⦿ Coordinador de programas europeos⦿ Responsable de diversidade sexual, identidade de xénero e familiar⦿ Equipo de igualdade
Departamentos didácticos

1.5 Necesidades

A continuación preséntanse as seguintes necesidades detectadas:

NIVEL CENTRO	<ul style="list-style-type: none">• Necesidade de facilitar a inclusión do alumnado.• Necesidade de fomentar unha cultura de respecto pola diversidade cultural e social.• Necesidade de mellorar as relacións cos axentes externos (SERGAS, servizos sociais, asociacións...)• Necesidade de fomentar o respecto pola diversidade fomentando a convivencia escolar e as relacións sociais pacíficas.• Necesidade de promover o DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) para posta en práctica do currículo.• Necesidade de continuar coa formación da comunidade educativa no que respecta á atención á diversidade.
NIVEL FAMILIAR	<ul style="list-style-type: none">• Necesidade de promover unha maior implicación das familias no proceso educativo.• Necesidade de aportar información para desenvolver pautas educativas no seo familiar e formación para a adquisición de habilidades de solución de problemas.
NIVEL ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none">• Necesidade de prevención e detección temperá de dificultades e necesidades.• Necesidade de adaptar o proceso de ensinanza ás características do alumnado, tomando as medidas de atención á diversidade máis axeitadas.• Necesidade de aproveitar ó máximo os recursos do centro.

2. ACTIVIDADE PROPIA DOCENTE

2.1 Fundamentación lexislativa

Seguindo os principios da actual lei educativa, **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro de pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006; son:** a equidade, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades e a accesibilidade universal á educación. Outros principios que sen van tratar nesta programación e que van estar presentes ao longo deste traballo son os recollidos na **Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenrola o Decreto 229/2011 do 7 de decembro como** a normalización e a inclusión, a flexibilidade e a accesibilidade, a interculturalidade e a promoción da convivencia. **Desta maneira, a actuación central da miña práctica docente está destinada ós alumnos con NEAE.** No seu Título II, Capítulo I, nos artigo 71, define o termo de necesidades específicas de apoio educativo como aqueles alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. Concretando no seu art. 73, que “ enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que requira determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento. Tamén sinala que a atención integral deste alumnado iniciárase dende o mesmo momento na que dita necesidade sexa detectada e rexerese polos principios de normalización e inclusión segundo establece a LOMLOE no seu artigo 74.

Nesta fundamentación lexislativa é necesario sinalar **as miñas funcións como mestra de pedagogía terapéutica e as propias como membro do departamento de orientación** (D 120/1998 do 23 de abril, Orde do 24 de xullo de 1998 e D 374/1996 do 17 de outubro).

Como integrante do departamento de orientación participo na elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, valoro as necesidades dos alumnos e deseño programas

específicos, participo na avaliación psicopedagóxica e nas medidas de atención á diversidade e propoño programas en ámbitos con ensinar a pensar ou habilidades sociais.

Outras funcións que exerzo como mestra de pedagogía terapéutica son colaborar no seguimento e avaliación das adaptacións curriculares dos alumnos, prestar atención directa o alumnado con NEAE, asesoramento e coordinación coas familias e profesorado, e participación na xestión do centro educativo dentro dos equipos de convivencia, comisión de coordinación pedagóxica e claustro. **Con respecto a temporalización das intervencións**, veñen dadas pola xefa do departamento de orientación e aprobadas pola xefa de estudos. Ditas actuacións son debidamente temporalizadas e axustadas aos alumnos que atendamos segundo os criterios que figuran no PXAD, sendo **modificables** ao longo do curso segundo a progresión ou aparición de nee dos alumnos/as. As reunións do departamento forman parte do horario non lectivo, tal e como se recolle na **ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral**.

2.2 Organización da miña práctica docente. Actuacións para a atención á diversidade

Como mestra de pedagogía terapéutica desempeño a miña labor docente seguindo as directrices recollidas no meus programas de intervención. Estes programas van dirixidos, tanto aos integrantes da comunidade educativa como axentes das medidas establecidas, e teñen como referencia última o alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo. O fin último destes programas, así como o meu traballo do día a día, é dar resposta ás necesidades que presenta o alumnado.

Na miña práctica docente ao longo do curso desenvolvo unha serie de actuacións que forman parte do Plan Xeral de Atención á Diversidade. A meta principal de ditas actuacións vai ser a de facer posible que tódolos alumnos/as con NEAE participen en condicións de igualdade cos demais para recibir a atención educativa necesaria, acadando o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e preparándoos deste xeito para a incorporación e participación na vida social e laboral futura, desenvolvendo ó máximo o seu potencial de aprendizaxe no marco dunha educación de calidade.

En canto á atención directa ós alumnos/as e **as intervencións específicas** que desenvolvo, estas réxense polo contemplado no **art. 19 da Orde do 27 de decembro de 2002** sendo estas coordinadas pola xefa de estudos (ao igual que as actuacións do resto do profesorado), e deseñadas polo Departamento de Orientación, en colaboración coas titoras.

Como mestra de Pedagogía Terapéutica a intervención educativa que realicei desenvolveuse en tres niveis diferentes neste curso 2024/2025.

A nivel de Centro: participando na elaboración do P.E., nas C.C., na Programación Xeral Anual e na Programación de Aula. **A nivel de Aula:** colaboración no desenvolvemento das concrecións curriculares e co apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo no horario previsto.

A nivel de alumnado: partín do informe de avaliación facilitado pola xefa do departamento de orientación do centro, onde se recolle a valoración do alumno, o tipo de necesidades e as orientacións ao profesorado para organizar a resposta educativa.

Para poder deseñar unha resposta educativa axeitada ás necesidades do alumnado, debemos levar a cabo unha identificación e valoración de ditas necesidades. Neste sentido cómpre destacar a importancia da avaliación inicial en canto á detección de necesidades tal e como establece a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade en Galicia. Unha vez detectadas as necesidades específicas de apoio educativo é necesario decidir que recursos e apoios complementarios precisa o alumnado para o que o departamento de orientación, tras a realización da avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do mesmo, recollerá no informe psicopedagóxico aquelas medidas e orientacións que se consideren necesarias e que conlevarán tanto medidas organizativas como curriculares.

Na Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se regula o Decreto 229/2011 de atención á diversidade en Galicia establécense diversas medidas que se clasifican como figura a continuación:

<p style="text-align: center;">MEDIDAS ORDINARIAS</p>	<p>Facilitan a adecuación do currículo prescriptivo ao contexto e ás características do alumnado, sen alteración significativa dos seus obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.</p> <p>Este centro conta coas seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">-Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.-Adecuación as programacións didácticas ao entorno e o alumnado-Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.-Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación-Aulas de atención educativa e convivencia e medidas ou actuacións destinadas á mellora da convivencia-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
--	---

	<p>-Programas de enriquecemento curricular.</p> <p>-Programas de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar.</p> <p>-Programas específicos personalizado para o alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.</p> <p>-Programas de habilidades e competencias sociais.</p> <p>A maiores da anteriormente citadas, tamén se pode incluír dentro deste tipo de medidas a codocencia na materia de matemáticas que se leva a cabo en 1º e 2º da ESO.</p>
<p>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS</p>	<p>Poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou, supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso o currículo ou na modalidade de escolarización.</p> <p>Este centro conta coas seguintes:</p> <p>-Adaptacións curriculares significativas.</p> <p>-Agrupamentos flexibles en lingua castelá en 1º ESO e lingua galega en 2º ESO.</p> <p>- Apoio da mestra especialista en pedagogía terapéutica.</p> <p>-Programa de diversificación curricular en 3º e 4º da ESO.</p> <p>-Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.</p>

Ao abeiro do establecido pola administración educativa e en base ao alumnado neae do centro estanse a ter como referentes os seguintes protocolos educativos:

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infante – xuvenil.
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexis e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

2.3 Horario

Debido as necesidades do centro, o horario que me foi asignado é o seguinte:

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35					
9:35-10:25				R. ÁMBITO	
10:45-11:35					
11:35-12:25					
	CONV.			CONV.	
12:45-13:35					
13:35-14:25					

2.4 Obxectivos

Os **obxectivos** que me propuxen acadar neste curso como **mestra de Pedagogía Terapéutica**, en relación ao alumnado son:

- Incrementar a cohesión do grupo clase.
- Fomentar a adquisición de habilidades sociais e control emocional.
- Afondar na educación en valores.
- Fomentar a igualdade entre nenas e nenos e a tolerancia ante a diversidade.
- Promover a cultura para da paz, a prevención e a resolución pacífica de conflitos.
- Axudar a crear hábitos de traballo individual e de equipo, de responsabilidade, así como actitudes de confianza nun mesmo, iniciativa persoal, curiosidade e interese.
- Contribuír a formar persoas críticas e solidarias.
- Impulsar hábitos saudables.
- Coñecer a importancia do respecto e a conservación do patrimonio natural e comprender seu papel activo no coidado do mesmo.

Os **obxectivos** que me propuxen como docente en relación **á miña propia práctica e a miña relación coas familias e cos demais membros do equipo docente do centro**, son os seguintes:

- Propoñer retos adecuados ao alumnado, partindo dos seus coñecementos previos e tendo en conta os seus estilos e ritmos de aprendizaxe.

- Manter unha relación empática co alumnado.
- Transmitir entusiasmo polas diferentes materias ao alumando.
- Adaptar a programación didáctica segundo as necesidades do alumnado ao longo do curso escolar.
- Manter unha coordinación fluída co profesorado e axentes externos ao centro para o desenvolvemento óptimo da programación didáctica.
- Potenciar a comunicación coas familias mediante reunións periódicas e o correo electrónico.

2.5 Actividades

A principal finalidade no proceso de intervención do alumnado é a superación de dificultades que se mostraban na competencia lingüística, matemática, aprender a aprender e social e cívica. Tendo en conta os obxectivos propostos as actividades divídense da seguinte maneira:

ACTIVIDADES DENTRO DA AULA:

Durante este curso, realizaremos actividades dentro da aula xa que a niña intervención co alumnado no 90% das sesións realízase **dentro da aula ordinaria** nas diferentes áreas educativas para as cales precisamos diferentes tipos de agrupamentos, a pesar de manter como estrutura fixa os equipos cooperativos. Con isto pretendo potenciar ao máximo as capacidades do alumnado non só a nivel académico, senón tamén a nivel de desenvolvemento das habilidades sociais e a mellora da cohesión do grupo.

Realizaremos **actividades individualizadas** (con unha aprendizaxe guiada), como poden ser as actividades de repaso de matemáticas (unha operación cada día), e que ademais de ter como obxectivo a mellora de contidos, tamén pretendían promover a súa autonomía a responsabilidade.

Contamos tamén con **actividades nos equipos cooperativos** practicamente en todas as sesións, cálculo mental cos dados numéricos en folio xiratorio é unha das nosas rutinas para comezar as sesións de matemáticas, aplicación da estrutura simple de “lápices ao centro” para a resolución de problemas en matemáticas, realización de breves obras de teatro en valores para as cales tiñan que coordinarse e consensuar decisión para a elaboración do atrezo entre outras cousas. Trátase de actividades que favorecen enormemente a mellora das habilidades sociais, empatía e a asignación a cada alumno/a de tarefas concretas das que facerse responsable para o funcionamento do grupo.

Non podemos esquecer as **actividades que realizamos en gran grupo**, como son as exposicións orais sobre algún tema de interese/ actualidade á vez que pequenos debates en galego.

ACTIVIDADES NA AULA DE PT:

As actividades que realizaremos na aula de pt son moi específicas e sobretudo aquelas que nunha aula ordinaria non se poden traballar diariamente:

1. **Actividades para traballar as funcións executivas:** xogos manipulativos ou a través da tablet ou do ordenador sobre: facer parellas, buscar obxectos ocultos, recordar a posición de obxectos nun lugar, secuencias cronolóxicas...
2. **Actividades para traballar a lectura:** xogos de adiviñas, xogos de ordenador de letras para traballar a conciencia fonolóxica, búsqueda de tesouro polo centro.
3. **Actividades para traballar a escritura:** xogo da oca de letras, xogos para buscar as letras ocultas, creación de oracións sobre láminas...
4. **Actividades para traballar as matemáticas:** xogo da oca das multiplicacións, bingo de números, xogos da tablet, xogos con material manipulativo, xogos de identificación de unidades, decenas e centenas dun número...
5. **Actividades para traballar conceptos básicos de nocións espaciais ou temporais** actividades con material da vida diaria, fichas de secuencias cronolóxicas e materiais de creación propia.

2.6 Metodoloxía

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas por os docentes debe axustarse ao niva competencial inicial do alumnado. Por iso, debemos saber como queremos ensinar, é dicir, que métodos imos empregar para que os alumnos consigan alcanzar os obxectivos propostos incidindo na zona de desenvolvemento próximo (ZDP, Vigotsky). Para iso, utilizamos unha aprendizaxe significativa (Ausubel), partindo de experiencias e coñecementos que xa teñan os alumnos. Ademais, é necesario **secuenciar o ensino** de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos. Un dos elementos clave no ensino por competencias é **espertar e manter a motivación** hacia a aprendizaxe, o que implica unha nova formulación do papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Para potenciar a motivación requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. As metodoloxías activas basearíanse en estruturas de aprendizaxe colaborativo e cooperativo xa que este enfoque trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica como nos di John Dewey (precursor dos traballos por proxectos). **As rutinas** tamén formarían parte da nosa

metodoloxía (actividades que realizamos diariamente de forma regular, periódica e sistémica cun carácter ineludible) para traballar con noso alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Favorécese, por tanto, **unha aprendizaxe orientada á acción** no que se integran varias áreas ou materias. *O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade na aula.* Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Será necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes das diferentes áreas sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen, que propiciaría o desenvolvemento das actividades de aula, da posta en marcha das distintas CONMEMORACIÓNS e CELEBRACIÓNS recollidas no calendario escolar (día da muller, o entroido...).

2.7 Criterios de avaliación e temporalización

Para poñer en marcha as actuacións anteriormente citadas será fundamental ter en conta a normativa vixente, rexida pola LOMLOE, *Orde do 31 de outubro de 1996* que regula a avaliación psicopedagóxica, *Orde do 8 de setembro de 2021* polo que se regula a atención á diversidade.

O proceso de avaliación, está marcado por tres momentos diferenciados:

- **Avaliación inicial:** terá unha duración aproximada de 15 días. Nestas primeiras xornadas do curso realizaremos unha toma de contacto do nivel de coñecementos previos do alumnado, así como unha valoración dos alumnos para coñecer as súas características, capacidades, necesidades, destrezas e intereses. Ademais de recadar información principalmente a través da observación directa, da revisión dos informes previos e da información facilitada polos titores/as e outros/as especialistas. Así mesmo, a partir desta avaliación procederei a elaborar os programas de intervención correspondentes.
- **Avaliación continua:** para o seguimento permanente da evolución dos aprendizaxes dos alumnos/as realizarei un rexistro diario de anotacións realizadas mediante a observación directa, a análise dos exercicios e actividades, do intercambio de datos co profesorado especialista, e da xefa do departamento de orientación, para a toma de decisións. Modificando cando foron necesarios aqueles aspectos da práctica educativa que non funcionaban para a evolución do alumnado. Para que esta avaliación sexa efectiva, os datos

obtidos vense anotando nun diario da aula onde recollo aspectos importantes do proceso ensino aprendizaxe.

- **Avaliación final:** recolleráanse os datos rexistrados, contrastando os progresos obtidos polos alumnos/as, sendo o resultado de toda a avaliación continua. Ditos datos servirán de referencia para a continuación do traballo e a formulación de novos obxectivos.

A continuación detallo a temporalización xustificada para o curso académico 24-25:

Setembro:	Elaboración do horario do alumnado. Coordinación cos titores. Colaboración na avaliación inicial. Revisión de informes, material, adecuación da aula Avaliación inicial do alumnado. Deseño de programas de intervención.
1º Trimestre:	Implementación dos programas de intervención. Colaboración ACI.
2º Trimestre:	Modificacións/cambios. Avaliación continua e trimestral.
3º Trimestre:	Elaboración de informes trimestrais. Titorías e reunións varias.
Xuño:	Avaliación final. Elaboración de informes finais e memoria final

2.8 Recursos

- **Humanos:** xa citados anteriormente
- **Materiais:** No que se refire ao material didáctico, é variado e útil para promover aprendizaxes significativas, adaptado ás características do alumnado, seleccionado con criterios adecuados ao nivel do alumnado, ao tipo de tarefas propostas e á situación do alumnado. Empregamos material impreso: fichas de repaso, organizadores gráficos, caderno viaxeiro, libros de texto, de consulta, prensa... **Material audiovisual:** pantalla dixital, proxector de imaxe, etc. **Material informático:** ordenador, tablet, IPADs, programas e aplicacións diversas.

- **Organizativos:** As estratexias didácticas que levo a cabo inflúen no xeito de organizar a aula, a aprendizaxe cooperativa implica que o alumnado se sente en equipos, temos cinco equipos de catro alumnos e alumnas e dous equipos de tres. Ademais contamos con recunchos na nosa aula, e o agrupamento é flexible podendo mover as mesas para diferentes actividades. Os espazos teñen diferentes usos: cortizas para expoñer traballos, paredes para expoñer murais, corredores para expoñer proxectos, estantes para ter o material didáctico accesible aos encargados de material, aseos para realizar actividades de hixiene, contenedores para realizar reciclaxe de diferentes tipos de residuos...

3. PROPOSTAS DE MELLORA

Toda programación para ser útil debe aportar unhas conclusións que sirvan para mellorar a nosa actividade, e aportar información para mellorar o noso labor docente nos vindeiros cursos académicos. As propostas de mellora que fago a partir deste proceso de autoavaliación son as seguintes:

- Seguir formándome en cursos que me aporten coñecementos prácticos, sobre todo relacionados coa atención á diversidade.
- Actualizar materiais de traballo para as adaptacións curriculares.
- Continuar a empregar a aula virtual como canle de comunicación coas familias e como ferramenta de reforzo e ampliación de contidos.
- Crear un banco de recursos sobre atención á diversidade compartidos no Google Drive.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Orden do 8 de setembro de 2021 pola que se desenrola o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, por la que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidade educativas especiais.

Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e *Orde do 22 de xullo de 1997* pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento.

Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e *Orde do 24 de xullo de 1998*, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.